



JUAN DE LA CIERVA FORMACIÓN - JUAN DE LA CIERVA INCORPORACIÓN CONVOCATORIA 2016

A Resolución do 21 de novembro de 2016 da *Presidencia de la Agencia Estatal de Investigación* aproba a convocatoria, correspondente ao ano 2016, de diversas actuacións contempladas no *Subprograma Estatal de Formación* e no *Subprograma Estatal de Incorporación, do Programa Estatal de promoción del Talento y su Empleabilidad*:

http://www.idi.mineco.gob.es/stfls/MICINN/Ayudas/PE_2013_2016/PE_Promocion_e_Incorporacion_Talento_y_su_Empleabilidad/FICHEROS/SE_Incorporacion/Ayudas_contratos_RYC_2016/Resolucion_convocatoria_CONTRATACION_2016_21_noviembre_2016.pdf

A citada resolución convoca, entre outras, axudas para os seguintes contratos:

- Juan de la Cierva – formación
Fin prazo solicitude na UDC: **24/01/2017**
- Juan de la Cierva – incorporación
Fin prazo solicitude na UDC: **23/01/2017**

Co obxecto de solicitar a participación da UDC nestes programas, os candidatos deberán entregar na Sección de Coordinación da Investigación (ESCI, Campus de Elviña) dentro do prazo indicado pola UDC para cada modalidade, a seguinte documentación:

- 1.- **Formulario de solicitude** xerado pola aplicación telemática da sede electrónica do Ministerio de Economía, Industria y Competitividad, debidamente asinado.
- 2.- **Carta de presentación** do investigador responsable co visto e prace do coordinador do grupo de investigación.
- 3.- **Compromiso do Departamento** ao que estea adscrito o investigador responsable de incluír no seu POD á persoa contratada ao abeiro desta convocatoria, de forma que poida prestar colaboracións complementarias en tarefas docentes nas condicións fixadas polos artigos 43 e 73 da convocatoria, se así o solicitase. Cando os candidatos non teñan intención de solicitar prestar colaboracións complementarias en tarefas docentes deberán presentar un escrito de renuncia a solicitar a prestación de colaboracións docentes, en caso de serlle adxudicado o contrato.

Para maior información pode poñerse en contacto coa Sección de Xestión de Convocatorias E Axudas a Investigadores (ext. 5761 e 5760 coordinacion.investigacion@udc.gal).

A Coruña, 14 de decembro de 2016

Salvador Naya Fernández
Vicerreitor Política Científica,
Investigación e Transferencia